



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Servicios Técnicos Área de Obras

Convocatoria para o pago e o levantamento das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra denominada “Senda Avenida do Embalse e Avenida da Prensa”

EXPEDIENTE: 2025/U040/000003

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, a Xunta de Goberno Local do Concello de Arteixo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de febreiro de 2026, acordou convocar aos titulares dos bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación incoado para levar a cabo a obras denominada “**SENDA AVENIDA DO EMBALSE E AVENIDA DA PRENSA**”. O devandito acto terá lugar os día **30 de marzo de 2026 as 12:30 horas, no Departamento de Obras do Concello de Arteixo, Travesía de Arteixo, 249 - 3º Andar**, convocándose aos titulares co fin de proceder ao pago do importe da valoración establecida pola ocupación dos bens e dereitos afectados.

Relación de bens afectados:

Nº	Ref. Catastral	TITULAR
1	15005A001000070000PO	MANUEL INSUA GARCIA
2	15005A001000060000PM	SARA VEIRA VARELA

O pagamento efectuarase polo Pagador deste Concello aos propietarios das fincas.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que o pagamento farase precisamente aos que figuren como donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberán identificarse co Documento Nacional de Identidade.

Así mesmo comunícaselle que deberán comparecer ao acto xuntando as escrituras de propiedade das fincas.

No suposto de non comparecer ou non poderse efectuar o pagamento ós titulares, procederase á consignación do importe na Caixa Xeral de Depósitos.

Coincidindo co acto de pagamento, procederase ao levantamento da acta de ocupación correspondente.

O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xusto prezo.

O ALCALDE,

Arteixo, 26 de febreiro de 2026.

Asdo. José Antonio Calvelo Añón. Concelleiro de Medio Urbano e Medio Rural.

Por delegación, Decreto 1243/2025 de 8 de maio de 2025

2026/1210